



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Introducción ás axendas urbanas: das estratexias de desenvolvemento urbano sustentable e integrado ás axendas urbanas /DUSI). Novas oportunidades para as entidades locais galegas

CONVOCATORIA: Curso superior Axendas Urbanas

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Unión Europea: políticas públicas e procedementos comunitarios

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	35
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2019
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	SUPERIOR	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 02/10/2019 - 08:00h ao 08/10/2019 - 23:55h

2. DESCRICIÓNS

DESCRIPCIÓN CURSO

O curso ten, entre outros, os seguintes obxectivos:

- 1º. Dar a coñecer ao persoal da Administración pública de Galicia os distintos aspectos dun novo escenario de axendas internacionais e urbanas que ofrece novas oportunidades ás cidades.
- 2º. Profundar nas relacións entre as distintas axendas e o grao de integración entre elas nos distintos niveis e ámbitos territoriais de implementación, e o rol que as axendas urbanas teñen na consecución dos obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS)(Axenda 2030) nos seus territorios.
- 3º. Transmitir a necesidade de integrar os obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS) e o seu sistema de indicadores nas políticas públicas municipais e autonómicas.
- 4º. Dar a coñecer un conxunto de metodoloxías e criterios para fortalecer as capacidades de organización e de acción conxunta local para abordar a realización dos obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS) nas nosas cidades e territorios.
- 5º. Coñecer experiencias de referencia para a elaboración e a implementación de plans de acción e axendas urbanas en distintos territorios.

DESTINATARIOS

Persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, das administracións públicas de Galicia, tanto autonómica, como local e de xustiza, dos entes instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia e das universidades do Sistema universitario de Galicia que se encadren nalgunha das seguintes categorías:

- a) Grupo A (subgrupos A1 ou A2) do persoal funcionario.
- b) Grupos I ou II do persoal laboral.

No caso de non se cubrir a totalidade das prazas convocadas, as vacantes que resulten poderán cubrirse por profesionais que estean en posesión do título de doutoramento, licenciatura, diplomatura, grao, arquitectura, enxeñaría, arquitectura técnica ou enxeñaría técnica.

PROGRAMA

O programa do curso estrutúrase nos seguintes bloques:

Bloque I. Marco global: a Axenda 2030.

A) Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable: implementación dos obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS).

B) Visión municipalista Axenda 2030 no ámbito local.

Bloque II. Axendas urbanas internacionais I: nova axenda urbana-Hábitat III.

Bloque III. Axendas urbanas internacionais II: axenda urbana para a Unión Europea.

A) Axenda urbana para a Unión Europea (AUE). Acervo urbano europeo.

B) AUE. Políticas urbanas europeas.

C) AUE. Contexto e seguintes pasos.

Bloque IV. Axenda urbana transfronteiriza.

Axenda urbana para a Eurorexión Galicia-Norte de Portugal.

Bloque V. Axenda urbana española e axendas rexionais.

A) AU española.

B) AU de Andalucía.

C) AU vasca.

D) Implementación da Axenda 2030 na Xunta de Galicia.

Bloque VI. Axendas urbanas locais.

Fortalecemento de capacidades locais e indicadores de sustentabilidade.

A) Plans de acción local.

B) Axenda urbana e estratexia urbana.

C) Sistema básico de indicadores.

Bloque VII. Estudo de casos.

A) Estudo de caso. Málaga.

B) Estudo de caso. Murcia.

C) A modo de conclusión. Das estratexias de desenvolvemento urbano sustentable e integrado (DUSI) ás axendas urbanas.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data e a hora de presentación das solicitudes, de acordo cos criterios establecidos no punto 5 da convocatoria, persoas destinatarias.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 16/10/2019 a 04/12/2019

NUM. PRAZAS: 80

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

MARTÍN FERNÁNDEZ PRADO

Alba Ambros Coso

José Manuel Peña Penabad

Juan Arredondo de la Fuente

GONZALO LACURCIA ABRAIRA

Moneyba González Medina

SONIA DE GREGORIO HURTADO

Sonia Hernández Partal

María Angeles Huete García

PEDRO MARIN COTS

LUIS DOMINGUEZ CASTRO

IGNACIO DE LA PUERTA RUEDA

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

SALON DE ACTOS: O día 16 de outubro de 11:30 a 14:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 5: O día 16 de outubro de 16:00 a 18:00. O día 23 de outubro de 16:00 a 20:00. O día 30 de outubro de 11:30 a 14:00. O día 30 de outubro de 16:00 a 18:00. O día 06 de novembro de 16:00 a 20:00. O día 13 de novembro de 12:30 a 14:00. O día 13 de novembro de 16:00 a 18:00. O día 20 de novembro de 12:30 a 14:00. O día 20 de novembro de 16:00 a 18:00. O día 27 de novembro de 11:00 a 14:00. O día 27 de novembro de 16:00 a 18:00. O día 04 de decembro de 12:00 a 14:00. O día 04 de decembro de 16:00 a 20:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 6: Os días 23 e 30 de outubro de 16:00 a 20:00. O día 06 de novembro de 16:00 a 20:00. Os días 13 e 20 de novembro de 12:30 a 14:30. O día 20 de novembro de 16:00 a 20:00. O día 27 de novembro de 11:30 a 14:00. O día 27 de novembro de 16:00 a 20:00. O día 04 de decembro de 12:00 a 14:00. O día 04 de decembro de 16:00 a 20:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA